



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS
Secretaría Xeral de
Calidade e Avaliación Ambiental

UNIÓN EUROPEA
FONDO EUROPEO DE
DESENVOLVEMENTO REXIONAL
UNHA MANEIRA DE FACER EUROPA

MANUAL DE COMPOSTAXE

DOMÉSTICA



CONCELLO DE MEIS

COLABORACIÓN DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

BENEFICIARIO AO MESMO TEMPO DUNHA AXUDA COFINANCIADA POLO FONDO EUROPEO DE
DESENVOLVEMENTO REXIONAL CON CARGO AO PROGRAMA FEDER GALICIA.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS
Secretaría Xeral de
Calidade e Avaliación Ambiental

UNIÓN EUROPEA
FONDO EUROPEO DE
DESENVOLVEMENTO REXIONAL
UNHA MANEIRA DE FACER EUROPA

Índice

INTRODUCCIÓN

¿QUÉ É O COMPOST?

¿QUÉ NECESITAMOS PARA FACER COMPOST?

O COMPOSTEIRO

¿ONDE INSTALAR O COMPOSTEIRO?

¿COMO FACER COMPOST?

QUE MATERIAIS BOTAR AO COMPOSTEIRO

COIDADOS

SOLUCIÓN SINXELAS AOS PROBLEMAS HABITUAIS

USOS DO COMPOST

BENEFICIOS DO COMPOST



USOS DO COMPOST

Podemos empregar o compost para o xardín, horta ou plantas de interior, como complemento para a terra, sementeiros ou transplantes, xa que as plantas necesitan nutrientes.

O compost podese utilizar directamente ou peneiralo.

BENEFICIOS DO COMPOST

O abandono da vida rural e o tratamento das terras con fertilizantes químicos experimentan ao longo dos anos unha perda da materia orgánica e tamén na súa produtividade.

Co compost se:

- Mellora a estrutura do solo e a súa resistencia á erosión.
- Aumentan a fauna do solo.
- Menguan os efectos negativos ao non ter que utilizar fertilizantes químicos.
- Conservan as turbeiras.
- Contribue a solucionar a problemática do cambio climático ao actuar o compost de sumideiro do CO₂.

INTRODUCCIÓN

En Galicia os restos de comida e de poda representan o 60% dos residuos dos residuos que acaban en vertedoiros ocasionando unha forte contaminación de ahí que se plantexee a necesidade da recollida selectiva, en particular da compostaxe.

Participando neste programa aprenderás a realizar o proceso de compostaxe dos residuos orgánicos xerados na vivenda e axudarás a:

- Dar solución a problemática dos residuos en especial a materia orgánica.
- Reducir en orixe o volume destes residuos, como os custes da súa xestión.
- Recuperar unha práctica tradicional e sostible, como é o aproveitamento da materia orgánica.
- Disminuir as emisións de Co₂ e, polo tanto contribuir a loita contra o cambio climático.

¿QUÉ É O COMPOST ?

É un produto natural semellante ao humus do bosque, estable hixienico e que non produce olores e aporta múltiples beneficios ao sólo.

¿QUÉ NECESITAMOS PARA FACER COMPOST ?

- Un espazo axeitado no xardín ou horta.
- Unha forca, pala ou ferramenta para voltear.
- Un composteiro.
- Residuos de cociña.
- Residuos vexetais.
- Trituradora ou tixeiras.
- Auga para regala mezcla.



SOLUCIÓN SINXELAS A PROBLEMAS HABITUAIS

<u>Problema</u>	<u>Causa</u>	<u>Solución</u>
Non sube a temperatura	Pouco Material	Engadir materiais ricos en nitróxeno, froita ou verdura
Temperatura moi alta	Pila moi grande	Voltear a mezcla ou diminuir o tamaño
Material frío e húmido	Moita auga	Voltear e engadir secos
Material frío e seco	Falla de auga	Regar hasta que este húmido
Mal olor	Falta ár, exceso de auga	Voltear, remexer e engadir pallas e ramas secas
Cheiro a amoníaco	Moito nitróxeno, froita ou verdura	Mesturar con materiais secos ricos en carbono como madeira seca, serrín.
Moitas moscas	Exceso de auga	Cubrir o compost con papel e enterrar restos de comida engadir restos de palla
Moitos vermes blancos	Larvas de mosca	Reducir auga
Presencia de roedores	Atraídos por residuos	Mesturar ben o material, cubrir o compost e rodear a pila con rede
Velo branco	Fungos	Bo sinal
Haí insectos	Condições ambientais	Non ten que preocuparnos

COIDADOS

- Aireación: Mesturar os restos de cociña cos de xardín, de forma proporcionada para que os organismos leven a cabo o proceso e remexer a parte superior do composteiro.
- Humidade: O material debe de estar humido pero non empapado o exceso de auga ou a falla dela poden paralizar o proceso.

O compost pode estar maduro a partir dos cinco meses e as súas características son: olor a terra de bosque, material fino, cor escuro.

O grado de maduración do compost depende dos usos que se lle valla a dar.



O COMPOSTEIRO

É un recipiente onde se deposita a materia orgánica para a súa transformación en compost. Os Composteiros facilitan a aireación e controlan a temperatura e a humidade repelendo aos roedores e outros insectos. Permite voltear con facilidade.

Poden ser de fabricación industrial ou caseiros, como os quinteiros.

ONDE INSTALAR O COMPOSTEIRO

- O lugar mais axeitado é colocalo nun lugar protexido dos ventos dominantes, xunto a un muro.
- Debaixo dunha árbore caducífolia, no que lle de o sol en inverno e a sombra en verán. Debe ir colocado directamente sobre o chan para permitir o paso dos microorganismos encargados de degradar o material orgánico e encima dunha cama de follas ou secos de aproximadamente dez ou quince cm para activar o proceso.
- Nun lugar de fácil accesibilidade para poder voltear a mezcla ou regala con facilidade.
- Preto dun lugar onde previamente colocamos restos de xardín, ou poda para incorporar en calquer momento a mezcla cando faga falta.

¿COMO FACER O COMPOST?

Facer unha cama de dez ou quince cm para votar os residuos, para acelerar o proceso podese votar encima da cama un pouco de compost xa feito.

Unha vez feita a cama votar os residuos de cociña xunto cos residuos de xardín (unha mezcla mais ou menos de dous cubos do xardín por un de cociña según a necesidade).

Para favorecer o proceso remover o compost de vez en cando, unha ou dúas veces a semana para que circule o aire.

Tamen hai que regalo cando estea seco.

Unha vez que o composteiro estea cheo, procederemos a retiralo pola parte inferior e podemos deixalo madurar máis ao lado do composteiro, nunca pequena morea cuberta con restos de xardín.



QUÉ MATERIAIS BOTAR O COMPOSTEIRO

A finalidade do composteiro é dobre por un lado evitar que o lixo acabe nun vertedeiro e, por outro conseguir un abono de alta calidade. Por eso non debemos botar nos composteiros plásticos, latas, pilas, nin ningún outro que poida contaminar o abono que imos producir.

<u>Materiais Recomendables</u>	<u>Materiais Non Recomendable</u>
<ul style="list-style-type: none">• Restos da cociña.	<ul style="list-style-type: none">• Excrementos de persoas ou animais
<ul style="list-style-type: none">• Restos de pan, carne, mondas de patacas....	<ul style="list-style-type: none">• Restos inorgánicos, plásticos, vidrios.
<ul style="list-style-type: none">• Pousos de café, té, infusionés.	<ul style="list-style-type: none">• Restos de papel, cartón.
<ul style="list-style-type: none">• Flores, restos de plantas.	<ul style="list-style-type: none">• Restos de aluminio.
<ul style="list-style-type: none">• Restos de podas de árbores e arbustos triturados.	<ul style="list-style-type: none">• Materiais que aínda que sexan orgánicos teñan sustancias contaminantes.
<ul style="list-style-type: none">• Algas.	<ul style="list-style-type: none">• Tarxetas ou papeis de cores
<ul style="list-style-type: none">• Toxo	<ul style="list-style-type: none">• Papeis brillantes ou impresos con tintas de cores.
<ul style="list-style-type: none">• Follas.	
<ul style="list-style-type: none">• Papel alimentario	
<ul style="list-style-type: none">• Cáscaras de ovo.	